39. Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias

Co fin de evitar aglomeracións, as familias só poderán entrar ao centro en caso de necesidade ou por indicación do profesorado ou do equipo directivo, nas horas que lle sexan asignadas e cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene. Por ese motivo:

- Non se realizarán reunións coas familias a comezo de curso. A información faráselles chegar a través da páxina web do centro e do Abalar Móbil.
- A solicitude de tutorías por parte dos/as pais/nais ou tutores legais realizarase a través da aplicación de Abalar Móbil, e non seu defecto, por vía telefónica poñéndose en contacto co centro (881 866 646).
- As tutorías serán telefónicas ou por videoconferencia e o/a titor/a deixará constancia da reunión. Só en casos excepcionais, se poderá realizar unha tutoría presencial.
- Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación. Empregaranse os medios telemáticos habituais (Abalar, teléfono, correo electrónico e páxina web) para a comunicación entre o centro, o profesorado e as familias do alumnado.
- Será aconsellábel a xustificación das faltas de asistencia polo espazo abalar (abalarMóbil).
- As ausencias do alumnado afectado pola COVID-19 consideraranse sempre como xustificadas e será suficiente a comunicación ao centro por parte dos representantes legais do alumnado.
- Os pais ou tutores legais deberán comunicar a algún membro do equipo COVID do centro todas as incidencias relacionadas coa enfermidade COVID-19: persoas infectadas ou sospeitosas de estalo, probas realizadas, resultados das probas, etc.

40. Normas para a realización de eventos

No interior:

- Grupos reducidos de acordo coa capacidade máxima do espazo.
- Control das persoas que participan –só alumnado dun mesmo nivel -.
- Separación mínima de 1,5 m entre persoas participantes. Sinalización das cadeiras / mesas que **non** se poden utilizar.
- Uso de máscara **agás** nos seguintes casos:
 - representación teatral / actuación musical (distancia de seguridade coa primeira fila de espectadores de 2 metros).





- conferencias / reunións: o/a conferenciante ou interveniente no momento da súa intervención e sempre e cando se garanta unha distancia entre el/a e as persoas asistentes de 3 metros-.

No exterior

- Control das persoas que participan -evitar incluír distintos niveis de ensinanzas-.
- Separación mínima de 1,5 m entre persoas participantes.
- Uso de máscara **agás** en casos como:
 - representación teatral / actuación musical (distancia de seguridade coa primeira fila de espectadores).
- conferencias / reunións: o/a conferenciante ou interveniente no momento da súa intervención e sempre e cando se garanta unha distancia entre el/a e as persoas asistentes superior a 2 metros-.

Id. Medidas para o alumnado transportado

41. Medidas (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)

- O alumnado transportado accederá ao centro no momento en que chegue ao autobús e dirixirse á súa aula.

En relación co transporte escolar, establécense as seguintes medidas:

-Os alumnos descenderán dos buses de xeito ordenado e acudirán inmediatamente á súa aula por onde se lles indique, respectando sempre a distancia de seguridade de 1.5 metros. Agardarán dentro da aula o inicio da sesión lectiva.

A capacidade máxima dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara. No caso do uso de taxis ou VTC poderanse ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor. Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

Con carácter xeral cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km). No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado o criterio de prioridade é o



de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

Id. Medidas de uso do comedor

42. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)

O noso centro non dispón de servizo de comedor

43. Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)

O noso centro non dispón de servizo de comedor

44. Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)

O noso centro non dispón de servizo de comedor

Id. Medidas específicas para o uso doutros espazos

45. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)

Ao inicio da actividade lectiva o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir, implicándoo na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns. Nestes espazos haberá carteis informativos.

Haberá solución hidroalcohólica, desinfectante de superficies e papel desbotable a disposición do alumnado e o profesorado en todos os espazos específicos.

Non se empregará a mesma aula de forma continuada por distintos grupos. É imprescindible que entre un grupo e outro medie ben un recreo ben unha sesión lectiva, co fin de airear a aula adecuadamente e, mesmo de ser preciso, que acceda o persoal de limpeza.

En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula propiciando o traballo individual e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitárase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1'5 metros. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de fruta) nas clases de **Música** ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

No caso da clase de **Educación Física** o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Neses casos, é o profesorado quen decide se é factible ou non o uso da máscara. Na medida do posible minimízase o uso de materiais que teñan que ser usados por





varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

O uso das ferramentas e dos equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos, material de oficina ou calquera outro) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Sen prexuízo da aplicación das normas dos puntos anteriores no caso de aulas de desdobre, talleres, laboratorios, ximnasio ou pavillón, aulas de música, debuxo ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

Aula ordinaria. O seu uso.

Cada alumno/a terá asignado o seu pupitre e cadeira de xeito alfabético agás excepcións por criterios pedagóxicos establecidos nos diferentes protocolos de atención á diversidade, ou polo criterio do profesorado, polo que dito elemento, con carácter xeral, non poderá ser usado por outros usuarios. O primeiro día de clase poderá identificarse o pupitre.

O material do alumnado, estoxo, libros, etc., de uso estritamente individual, será colocado na bandexa do pupitre, ou na mochila que permanecerá colgada do mesmo. Non poderá quedar ningún material na aula ao finalizar a xornada lectiva. As chaquetas deberanse colgar da cadeira. A mesa do profesorado, ordenador, rato, mando do canón, e outros elementos de uso común deberán ser desinfectados por cada usuario para o seu uso. Na aula haberá produto desinfectante e panos desbotables.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

A aula ventilarase antes do inicio da 1ª sesión (as aulas abríraas o persoal de conserxería) e durante o recreo (o/a profesor/a que teña aula na sesión anterior ao recreo encargárase de abrir as xanelas para proceder á ventilación da aula).

Aula de música - plástica - tecnoloxía - laboratorios. O seu uso.

Neste curso académico 2020-2021 evitarase na medida do posible desprazamentos dos grupos polos corredores e o uso de elementos compartidos.

Estarán dotadas como todas as demais aulas de: xel hidroalcohólico, produto desinfectante, panos desbotables e papeleira de pedal.

Para a súa utilización seguirase o seguinte protocolo:

- O alumnado dirixirase en ringleira ata a nova aula. Desinfectará as súas mans a entrada e saída da aula.





- Ao iniciar e ao finalizar a clase cada alumno/a desinfectará a súa cadeira, mesa, e elementos comúns utilizados con panos desbotables e produto desinfectante. No caso dos computadores, existirá un spray específico para a súa desinfección.
 - Á saída, igual que na entrada, despois de realizar a desinfección dos elementos empregados, todo o alumnado desinfectará as súas mans con xel hidroalcohólico e dirixirase novamente en ringleira ata a súa aula.
- Cando remate a sesión, o profesor/a desinfectará tódolos elementos de uso común que puidera ter empregado, mesa, cadeira, teclado, rato e mando de canón. Na medida do posible ventilará a aula e deixará abertas as xanelas.

46. Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)

- Agrupamento das súas sesións semanais nunha de 100 minutos.
- Non comparten espazos dous grupos á vez. No caso de coincidencia horaria, un deles desprázase ás instalacións municipais.
- Uso da máscara de acordo coas indicacións da Consellería de Educación de 31 de agosto de 2020.

47. Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)

- O alumnado só abandonará a súa aula de referencia no caso de ter clase noutra aula.
- O alumnado dirixirase á aula na que terá clase seguindo as indicacións dadas a comezo de curso polo/a titor/a atendendo en todo momento ás medidas de seguridade:
 - Saír da aula ordenadamente e gardando as distancias de seguridade.
 - Camiñar pola súa dereita, tanto nos corredores como nas escaleiras.

48. Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

Incorpórase como Anexo a este documento o *Protocolo usuario Bibliomuriel. Curso 2020-2021*

49. Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

Por norma xeral, só se poderá acceder aos aseos nos recreos, e cun aforo máximo de tres persoas. Cando o aforo estea completo, o alumnado deberá agardar no exterior dos mesmos nunha ringleira gardando a distancia de seguridade.

A limitación de aforo para os aseos será de 3 usuarios e para controlalo haberá un contador automático e unha luz no exterior que indicará se o aseo está libre ou non.

Id. Medidas especiais para os recreos

50. Horarios e espazos (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no



plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

Haberá

51. Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

Id. Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria

52. Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)

Non temos estas etapas educativas no noso centro

53. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

Non temos estas etapas educativas no noso centro

Id. Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres

54. Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)

Nas aulas de informática dispónse de material de limpeza de teclados e ordenadores.
Nos laboratorios non se realizan prácticas, só se empregan para a docencia da materia.

Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

55. Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

Neste curso, todo o alumnado con NEE ten a autonomía para entender e desenvolver as accións de limpeza requiridas ao resto de alumnado, polo que non é preciso empregar ningún material



adicional. Solo se require un tapabocas específico para unha alumna e o personal docente e non docente que vai a traballar no seu grupo.

56. Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)

Non son necesarias.

Id. Previsións específicas para o profesorado

57. Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

As reunións de profesorado serán de forma xeral, por videoconferencia ou outros medios telemáticos. En caso de ter que realizarse de forma presencial, deberase garantir un espazo que permita preservar a distancia de seguridade entre as asistentes.

As Salas de Profesorado terán o aforo limitado, e velarase porque as persoas que as empreguen garantan as distancias necesarias, así coma a desinfección dos postos en mesa ou en ordenador que empreguen.

As reunións de Claustro realizaranse no patio ou no pavillón polideportivo, por contar coas dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.

As reunións de CCP serán no salón de actos que ten un aforo de 30 persoas.

As reunións dos diferentes equipos docentes de menor tamaño terán lugar nos departamentos sempre se poidan garantir a distancia de seguridade.

Espazos comúns:

1. Sala de profesorado edificio principal: Contará cun aforo máximo de 15 persoas. Terá prioridade para a súa estancia alí o profesorado de garda. Prestarase especial atención á ventilación da mesma. A sala contará con dispensador de xel, panos desbotables, desinfectante de superficies e papeleira. Será responsabilidade individual dos usuarios a limpeza e desinfección dos espazos que ocupe nos ordenadores.

2. Sala de profesores edificio anexo: Contará cun aforo máximo de 10 persoas. Prestarase especial atención á ventilación da mesma. A sala contará con dispensador de xel, panos desbotables, desinfectante de superficies e papeleira. Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores e impresoras a limpeza e desinfección dos equipos .

58. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

As reunións dos órganos colexiados desenvolverase, por norma xeral, de xeito telemático. So se realizan de forma presencial cando exista causa xustificada, e garantindo as distancias de seguridade entre asistentes.

Claustro: As reunións de claustro de profesores realizaranse de xeito presencial no patio interior se a situación meteorolóxica o permite ou no pavillón polideportivo tal e como se expón no punto





anterior. No caso de que a situación epidemiolóxica o impida, realizaranse de xeito telemático a través da plataforma ofertada pola Consellaría de Educación.

Consello escolar: Tal e como recomenda o Protocolo de adaptación, as reunións de Consello Escolar realizaranse de xeito presencial se se dispón do espazo necesario ou telemático a través da plataforma proporcionada pola Consellaría de Educación.

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

59. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

-Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19. - Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.

60. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

- Empregaranse todas as canles de comunicación reflectidas no presente plan e no Plan de Comunicación do centro para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.
- Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

O equipo directivo, nomeadamente o secretario e o director, exercerán de docentes de referencia en canto o uso das aulas virtuais, por parte do alumnado, e a xestión das mesmas, por parte do profesorado. Do mesmo xeito, o equipo directivo darán difusión daquelas actividades formativas que poidan desenvolverse entre os docentes.

62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)





Organizouse o curso coa intención de que o alumnado tivese o menor número posible de profesores e que os desprazamentos fosen os mínimos.

Así mesmo, intentouse que nun día o número de materias fose o menor posible, de aí que se agrupasen as horas lectivas de dúas en dúas.

No Ciclo Medio non hai clase presencial os venres organizándose telematicamente.

63. Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

Páxina web do centro e copias en papel en conserxería e Sala de Profesorado. Aviso abalar ás familias para poñer no seu coñecemento a súa localización e dispoñibilidade. Comunicación ao alumnado por medio das persoas titoras.





Anexo Biblioteca

PROTOCOLO USUARIOS BIBLIOMURIEL CURSO 2020/2021

Co comezo de clases presenciais coas disposicións extraordinarias para o actual escenario de control da pandemia por COVID-19, cómpre a concreción e adopción de medidas en relación co uso das dependencias e instalacións da BiblioMuriel atendendo as instrucións de 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares.

O equipo da biblioteca elaborou unha serie de directrices para que o seu uso sexa seguro e eficiente nas circunstancias actuais. Este protocolo estará suxeito a revisións e modificacións ao longo do curso segundo a evolución da situación sanitaria.

Esperamos que a biblioteca siga sendo fonte de recursos de lectura, información e aprendizaxe para toda a comunidade educativa

NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

• ACCESO E CIRCULACIÓN:

- Manterase o horario de apertura habitual durante todos os recreos
- A entrada á biblioteca farase pola dereita e a saída pola esquerda e as portas permanecerán abertas durante o tempo de uso da biblioteca para evitar ter que tocala.
- O uso da máscara é obrigatorio en todo momento, tanto por parte do equipo de biblioteca como por partes dos/as usuarios/as.
- Todos/as os/as usuarios/as deben hixienizar as mans á entrada e á saída da biblioteca. Para iso, están situados dispensadores de xel hidroalcohólico, xunto á porta de acceso.
- É obrigatorio manter a distancia de seguridade en todo momento
- O aforo da biblioteca queda limitado a ___ persoas. Por esa razón, só se poderán ocupar os postos habilitados, sinalados cun punto vermello, sen que estea permitido movelos ou cambiar a súa distribución.
- Non está permitida a libre circulación pola biblioteca, agás para acceder aos postos de lectura habilitados e os membros do equipo de biblioteca. No caso de querer solicitar algún material en préstamo, débese agardar na fila habilitada diante do mostrador.
- Non se poderá coller libros dos estantes; haberá que dirixirse ao mostrador da biblioteca ou levantar a man e solicitarllo á persoa responsábel nese momento.
- Ao rematar, os/as usuarios/as hixienizarán os postos que teñan ocupado (mesa e cadeiras), utilizando a solución hidroalcohólico e os panos de papel eliminables que estarán á súa disposición. Despois do seu uso, os panos deberán ser desbotados na papeleira con tapa situada na entrada da biblioteca.
- Dos catro lugares con ordenadores e acceso a internet só se poderán ocupar 2 que están sinalados e no caso de utilizar algún dos ordenadores da biblioteca, ao remate estes tamén serán hixienizados co produto específico que se sitúa a beira dos mesmos.

• PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓNS:

- O préstamo dun libro ou outro material da biblioteca poderá solicitarse de dúas maneiras:
 - a A través do correo electrónico da biblioteca: biblio@iesfelixmuriel.es. A petición será atendida á maior brevidade polo equipo de biblioteca, que indicará a data de recollida na biblioteca.
 - b De xeito presencial, no mostrador da biblioteca. Haberá que respectar a fila sinalada a tal fin e facer a petición ao persoal da biblioteca.
- En todos os casos, queda prohibido que calquera persoa (alumnado, profesorado ou resto da comunidade educativa) colla o material directamente dos andeis; só poderán collelo os membros do equipo de biblioteca.
- Os libros e materiais que se queiran devolver serán depositados directamente polos/as usuarios/as nas caixas habilitadas e identificadas a tal efecto.
- O material devolto deberá permanecer en caixas identificadas, pechadas e illadas durante 24 horas, antes de ser xestionado (devolto no catálogo Meiga, colocado nos andeis e utilizado de novo).

OUTROS ASPECTOS:

- O equipo de biblioteca encargárase de ventilar a sala coa maior frecuencia posible e hixienizará o seu posto de traballo (mesa, cadeira e ordenador) ao remate de cada recreo ou uso.





- Todas as actividades planificadas polo equipo de biblioteca deberán cingirse a estas normas, dando prioridade sempre as accións virtuais e aquelas que garantan a seguridade de toda a comunidade educativa.
- O profesorado interesado en utilizar a biblioteca como aula deberá reservar previamente o espazo solicitándoo con anticipación en xefatura e será responsable do correcto uso da sala, a desinfección dos materiais e postos empregados e a ventilación da sala, de acordo co plan xeral de actuación ante a COVID-19.
- Mantéñense todas as normas de uso da biblioteca que non son incompatibles coa situación xerada pola COVID-19; entre outras: débese observar o máximo silencio posible, non está permitido comer nin beber, non está permitido o uso do teléfono móbil e débense respectar e seguir sempre as indicacións do persoal do equipo de biblioteca.

